

ENXEÑARÍA E XÉNERO: DAS PIONEIRAS Á SITUACIÓN ACTUAL

ÁLVAREZ LIRES, F. Javier

ÁLVAREZ LIRES, María

PÉREZ RODRÍGUEZ, Uxío

BERMÚDEZ IGLESIAS, Alexandre

SERRALLÉ MARZOA, J. Francisco

ARIAS CORREA, Dolores

Grupo de Investigación DE5 (Universidade de Vigo)

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

A institucionalización dos estudos de enxeñaría en Europa e tamén en España data do século XVIII despois da Primeira Revolución Industrial. As primeiras Escolas de Enxeñaría estaban ligadas ao exército e ao desenvolvemento da industria militar.

Malia que o acceso das mulleres ás enxeñarías foi aínda máis difícil que á ciencia tradicional, houbo mulleres pioneiras nestes campos. Algunhas delas realizaron achegas importantes ao desenvolvemento tecnocientífico en sectores tradicionalmente considerados como masculinos. Con todo, as súas achegas foron silenciadas historicamente, esquecidas ou desconsideradas. É preciso facer visibles os seus nomes e logros, pois así como se dispón xa dunha ampla historia das mulleres na actividade científica, nas enxeñarías e tecnoloxías é aínda unha historia fragmentada.

A importancia das súas achegas, ponse de manifesto ao reflexionar sobre o feito de que o grao de desenvolvemento tecnolóxico acadado actualmente débese, en gran medida, ás investigacións destas mulleres, das que só mencionamos algunhas de xeito paradigmático.


AS PIONEIRAS

Houbo mulleres que en tempos moito máis difíciles para a igualdade que os actuais foron quen de acceder, permanecer e mesmo realizar achegas importantes á enxeñaría e a tecnoloxía. Entre elas:


- Ada Byron King (1815-1852). Precursora da programación de computadoras.
- Hertha Ayrton (1854-1923). Enxeñeira eléctrica e sufraxista. Arco voltaico.
- Bertha Lame (1869-1954). Primeira muller enxeñeira eléctrica de Westinghouse.
- Constance Tipper. (1894-1995). Enxeñeira metalúrxica. *Brittle test*.
- M^a Pilar Careaga y Basabe (1908-1993). Primeira enxeñeira industrial en España.
- As mulleres do ENIAC.(1917-2006). Autoras do software e hardware da primeira computadora da historia.
- Frances Elizabeth Allen (1932) Premio TURING de computación.

SITUACIÓN ACTUAL NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

Houbo dificultades para conseguir datos desagregados por sexo do profesorado da USC e da UDC, polo que para pescudar nas diferentes representacións femininas nestes colectivos foi preciso consultar unha por unha as guías docentes de todas as materias das enxeñarías correspondentes. Outro obstáculo foi a non dispoñibilidade de datos de alumnado da USC desagregados por sexo posteriores ao curso 2007/08.



As mulleres representan unha clara minoría na matrícula das titulacións relacionadas co sector Naval (20%), as Obras e Construcións (34%), a Informática (22%) e a Enxeñaría Industrial (26%). A súa representación é maior nas Enxeñarías Agroalimentarias (48%) e na Enxeñaría Química (60%).



A maior representación feminina atópase no profesorado de Enxeñaría Química (39%), seguida no das Enxeñarías Agroalimentarias (31%). No resto de ramas, as mulleres constitúen o 20% nas Enxeñarías Industriais, o 22% nas Informáticas, o 23% nas de Obras e Construcións e o 24% nas Navais. Como se pode apreciar, esta distribución é moi semellante á que se detectou no caso do alumnado das tres universidades do SUG.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ LIRES F. J. 2010. *Mulleres na historia das enxeñarías: desde as pioneiras á situación actual*. Traballo de Investigación Tutelado. Universidade de Santiago. (Inédito).
- ÁLVAREZ LIRES. M. et al. 2003. *Las científicas y su historia en el aula*. Síntesis. Madrid
- HUYER. S e WESTHOLM. G. 2007. *Gender Indicators in Science, Engineering and Technology: an information toolkit*. UNESCO.